

Relato de senectude

Follas dun diario interrompido

LAURA BLANCO CASAS

Unha vella casa érguese entre altos edificios da periferia dunha cidade. É o fogar de María, unha anciá eivada que leva máis de quince anos nunha cadeira de rodas. Un dos poucos intres nos que esta muller acouga é o momento en que sente o vento na súa face e contempla as ondas do mar, que lle devolven os seus recordos, cada vez máis acochados por aquela enfermidade que a fai esquecer letras e verbas enteiras. Mais un día

comezan a construír un grande edificio diante da súa casa; non poderá mirar nada, só lle quedará a posibilidade de imaxinar.

Miguel Sande (Pastoriza, Arteixo, 1961) obtivo o Premio de Narrativa Breve Repsol no ano 2006 coa súa novela *Se algún día esta muller morta*, e agora contraataca de novo con outro traballado personaxe feminino. Nesta ocasión trátase da anciá María, que neste diario interrompido nalgún momento por breves narracións en terceira persoa, transmite os seus duros pensamentos. Así componse este entencedor relato sobre a memoria, a enfermidade e a soidade. Mentres o seu marido morre no hospital, ela vai preparando a equipaxe para marchar con el, para ir a estación a coller ese tren sen retorno que levaba tanto tempo esperando. Ese tren que a levará xunto a el, cara ao outro mundo.

SANDE, Miguel, A vida fóra, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP.12 €

